

Estimados profesores:

Tras a excelente acollida da actividade de *deporte de Orientación* os cursos pasados, é grato informarnos da celebración do *Campionato provincial escolar de Lugo 2020*, no marco do programa Xogade, xogos galegos deportivos en idade escolar. Coa organización de Clube Fluvial de Lugo e a Xunta de Galicia, e a colaboración do Concello de Lugo.

## LUGAR E DATA

O xoves, **12 de marzo**, a partir das **09:30 h** da mañá, no Parque Rosalía de Castro (Lugo). A xornada rematará ás 14 horas aproximadamente.

## TRANSPORTE

Os gastos e a organización do transporte dende os centros levarase a cabo pola organización. Contactar con Carlos Lorenzo López no 982294560 para cuestións relativas ao desprazamento.

## INSCRICIÓN

Poderán participar os alumnos de categoría infantil (nacidos en 2006 e 2007) e cadete (2004 e 2005). Cada centro poderá inscribir un **MÁXIMO** de catro equipos de cinco alumnos/as, un por categoría e sexo, e decir: un equipo infantil masculino, un equipo infantil feminino, un equipo cadete masculino e un equipo cadete feminino.

Ca finalidade de garantir a igualdade na competición, ante a experiencia de anos anteriores. Os centros que desexen asistir con mais alumnos a probra terán que facer selección de nenos, presentando a inscrición como “nome do centro + A”, “nome do centro + B”.

Así mesmo, establécese o límite de participación no evento en 400 participantes. Polo que os centros que desexen facer equipos B ou C, terán que solicitar autorización a organización do evento, poñéndose en contacto con Francisco Varela 653795106 o no correo [fluviallugo.o@gmail.com](mailto:fluviallugo.o@gmail.com). A confirmación da asistencia de estos equipos B,..., non se realizará ata finalizadas as inscricións, xa que sempre se dará prioridade a participación de un maior número de centros. Na medida da posibilidade da inclusión de ditos equipos B, serán sempre incluídos os que tiveren presentada a súa inscrición con anterioridade.

Adxúntase o formulario de inscrición. Ademais de cumprimentar e enviar este formulario a [fluviallugo.o@gmail.com](mailto:fluviallugo.o@gmail.com), é imprescindible mutualizar aos alumnos rexistrándose no programa Xogade a través do enlace:

<http://www.deporteescolargalego.com/>

Por cuestións relativas á organización (transporte, material, técnicos...) é moi importante que este proceso se leve a cabo con responsabilidade e non haxa un desfase entre os alumnos inscritos e os que asistan á actividade.

**Pregamos que, na maior brevedade posible, nos fagades saber a vosa intención de participar.**

**A data tope para a formalización da inscrición é o 2 de marzo de 2020, ás 22 h.**

### **PROGRAMA DO DIA 12 DE MARZO**

Xoves 12 de marzo ( Pabellón Deportivo Municipal , parte de abaixo do Parque Rosalía )

09:30-10:00 h. Recepción e control de participantes.

10:15 h. Saída dos primeiros corredores.

13:30 h. Entrega de medallas, e clausura.

É convinte que os alumnos teñan unhas nocións básicas sobre este deporte.

Animávosvos a realizar algunha actividade previa nos centros: tedes unha suxerencia mais adiante nesta convocatoria.

**SERÁ OBRIGATORIO QUE OS ALUMNOS TRAIAN DOS PARES DE CALZADO DEPORTIVO.** Xa que a pista do Pabellón polideportivo non se pode pisar con calzado que veña do exterior.

Aconséllase que os alumnos leven roupa e calzado de reposto así como algo de comida (froita, bocadillos, auga...).

**SO SE PODERÁ ACCEDER A ZONA DE GRADAS, OS ALUMNOS SO PODERÁN ACUDIR A PISTA DEPORTIVA CANDO SEXA O SEU TURNO DE SAIDA.**

### **VIDEO EXPLICATIVO DE ORIENTACIÓN**

<https://www.youtube.com/watch?v=HkeoWFjgIWg>

### **SISTEMA DE CONTROL DE CARREIRA**

Al igual que no campeonato provincial escolar de 2019 vamos a empregar control electrónico de carreira (e decir non será necesario picar nos mapas as balizas). Empregarase os sistema **SPORTIDENT**, para verificar que o corredor pasou pola baliza correspondente.

Disporemos de dous tipos de pinzas diferentes para facer a carreira Pcard e SI8. Deixobos dous enlaces web para ver como funcionan:

<https://www.youtube.com/watch?v=pHX2XmnLpHA>

[https://www.youtube.com/watch?v=Ye\\_H\\_5vS7IE](https://www.youtube.com/watch?v=Ye_H_5vS7IE)

Quedamos a vosa disposición,

Carlos Lorenzo López, Profesor de Educación Física, Deporte escolar, Xunta de Galicia.

Francisco Varela Lorenzo, Responsable da sección de Orientación, Club Fluvial de Lugo.

Sonia Gómez Naya, Responsable de cronometraxe, Club Fluvial de Lugo.

MAPA MODELO DE LA PRUEBA

